

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Fontaiña

No Folgueiro, Suegos, O Vicedo (Lugo) aínda mana unha fonte coñecida como A Fontaiña. Contan que na Noite de San Xoán pódese ver, só ata o amencer, unha galiña coas súas crías zanfoneando ao seu redor; a persoa que observe o prodixio ten asegurada a boa sorte no que resta de ano.

[Información remitida por Xabier Moure Salgado (Asociación Cultural A Curuxa"), de Pontide, Suegos, O Vicedo (Lugo), en febreiro de 2010. Informante: Dolores Rolle]